A represión franquista en Galicia

Actas dos traballos presentados ao

Congreso da Memoria

Narón,
4 a 7 de decembro de 2003

A represión franquista en Galicia
Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria
Narón, 4 a 7 de decembro de 2003

1ª edición: maio 2005

Deseño e maquetación: Edicións Embora
Ilustración da portada: Alberto Toval

Depósito Legal:

O siléncio ou a represión do sentimento

Luís Martínez-Risco Daviña

¡Outra vez, outra vez o terror?
Un dia e outro día,
sen campás, sen protesta.
Galicia ametrallada nas cunetas
dos seus camiños.
Chéganos outro berro.
Señor, ¿que fixemos?
–Non faledes en voz alta–
¿Hasta cando durará iste gran enterro?
–Non chores que poiden escoitarte.
Hoxe non choran máis que os que aman a Galicia–.
¡Os milleiros de horas, de séculos,
que fixeron falla
para faguer un home?
Teñen que se encher aínda
as cunetas
con sangue de mestres e de obreiros.
Lama, sangue e bágoas nos sulcos
Son semente.
Chove.
¡Negra sombra, negra sombra?
Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra,
máis alá da néboa,
máis alá do mar,
máis alá da chuvia,
máis alá do bosque

Luís Pimentel[1]

Cambedo

Cambeo é unha pequena aldea da fregresia de Vilarelho da Ráia no concello portugués de Chaves. Antigo povo promíscuo,

integrado no estado portugués por mor do *Tratado de Lindes* asinado o 29 de setembro de 1869 en Lisboa polos governos español e portugués[2]. Pese a esta nova realidade social, política e económica, até hai poucos anos, –nos que a preséncia dos respectivos estados é máis tanxíbel nestas zonas marxinais–, as relacións de veciñanza cos habitantes de Oimbra (concello galego co que limita) a penas sofreron alteración algunha. Terra de baixa montaña, non moi rica, cruzada por camiños milenários que, de sempre, foron usados polos veciños para esa actividade comercial que é o contrabando; e, como acontece con outras povoacións da ráia seca, a facilidade de cruzar a fronteira e atopar refuxio seguro en terras nas que ninguén pregunta, fixo deste território lugar seguro como base de operacións da guerrilla e para buscar cobixo da represión franquista. E nin sequera isto é novidade para os veciños acostumados, en épocas de convulsión política, ao ir e vir de refuxiados, quer portugueses quer españois.

Mais todo mudará no 21 de decembro de 1946, cando esta pequena povoación foi rodeada por efectivos armados españois e portugueses[3] que someteron á aldea a un asédio con fuego intensivo (morteíros incluídos) durante máis de 24 horas para capturar a tres guerrilleiros nela refuxiados; Demétrio Garcia (capturado e condenado a prisión en Tarrafal por un Tribunal Militar portugués), Juan Salgado e Bernardino García (mortos na acción punitiva) Con certeza que o acontecido en Cambedo foi un acto de barbárie, desgraciadamente habitual no periodo de entreguerras (cando se instalaron na Península Ibérica as dictaduras de corte fascista), e que a propaganda política se encargou de lexitimizar en base ao simplismo branco-preto para que fose asumido pola povoación como unha medida eficaz para se desfacer dun adversário político que non merecia condescendéncia algunha.

A dona Silvina, na altura unha nena, unha ráfaga tronza-lle unha perna. As forzas que cercaban a aldea non permiten o seu traslado a Chaves para ser atendida. Hoxe comenta, que menos mal que tiraran baixo.

Dona Aurora, hoxe unha velliña encantadora, veu como morreran uns veciños cos que mantiña unhas fortes relacións de amizade. Alguén, non sei se con fundamento, comenta que fora enamorada do Juan. O que si sei é que ela dí que eran boa xente.

Dona Manuela, irmá de Demétrio e casada no Cambedo, non foi capaz de superar o seu horror. Feita presa por ser irmá do Demétrio perdeu o seu fillo de 18 meses no cárcere de Porto. Os guardans tiveron a xentileza de negar-lle o dereito a saber onde enterraran o seu menino. Non sei se aínda vive. A única vez que lle ouvín contar a súa história foi no curso de verán *Estratégias de cola-*

boração na ráia durante a guerra e pós-guerra espanhola: 1936-46 celebrado en Chaves, Montalegre e Celanova en xuño de 1993. Foi incapaz de concluír o seu relato. Coma ela, o seu home coñeceu prisión. E tamén o pai dela e do Demétrio, quen acudira o dia anterior a axudar na matanza do porco. Cousas do destino!

Domingos Fernandes do Espírito Santo, militar natural de Cambedo e que se negou participar no asédio, coñeceu prisión militar. Coma outros veciños, que aquí non imos nomear[4], e que fixeron que Cambedo teña a honra de ser a povoación portuguesa con máis veciños presos polo salazarismo a causa da sua solidaridade cos refuxiados, que non só cos guerrilleiros, do terror franquista.

E non soamente os veciños coñeceron a represión. Tamén diversos elementos da Guarda Fiscal e militares portugueses que non se quixeron implicar no asédio, serán expulsos do corpo ou, no mellor dos casos, transferidos a outros puntos da xeografia portuguesa.

O sorprendente é que praticamente até 1993 o tráxico suceso estive-se silenciado. Pertencia ao espectro máis íntimo dos habitantes de Cambedo. Non é que non se soubera do asunto[5], mais os veciños non falaban publicamente del. Xa tiñan sofrido dabondo, e a sua dor era o seu segredo. Estamos, pois, perante dun deses casos nos que o siléncio das víctmas fai impune a acción do agresor que, por riba xustifica a sua acción por defender aos bos cidadáns daqueles outros, os veciños de Cambedo, que deron cobixo, que non acollida, a uns simples malfeitores e bandoleiros. O opositor político fica desprestixiado, reducido socialmente á categoria de delincuente, e o cidadán que o acolle de encubridor. Perversión da realidade que vai alén do moralmente aceptábel.

Ora ben, o siléncio non é duradeiro. A restauración dos sistemas democráticos nos povos da Península Ibérica, favorece que se poida indagar sobre os sucesos dos que ninguén fala. Xa dixemos que no caso de Cambedo, Bento da Cruz recupera para a literatura o suceso. Mais poderiamos correr o risco de que ficara convertido nun simple relato dunha novela inspirada nesa época.

A este feliz suceso, o da publicación e éxito de público da novela de Bento da Cruz, debemos engadir a aparición en cursos e revistas de traballos referidos aos sucesos de nadal de 1946 en Cambedo. Sendo esencial o labor de investigación da antropóloga Paula Godinho, a quen debemos que o *siléncio* do Cambedo fose coñecido alén dos lindes da aldea. Paula realizou ao longo dos anos 1986-1987 un traballo de campo en Cambedo, anos nos que mantivo un intenso convívio cos veciños. Esta circunstáncia fixo que fose aceptada coma un deles, polo que poido ser partícipe dos

siléncios que pertencian á memória colectiva desa pequena comunidade. En 1988 contrasta e completa a información oralmente recibida dos *seus veciños*, con datos obtidos nos arquivos da PIDE, o que lle permite reconstruír o grupo de *o Juan*. Os resultados da sua investigación son apresentados nunha comunicación no curso de verán *Estratégias de colaboração na ráia durante a guerra e pós-guerra espanhola: 1936-46* e publicado posterioremente na revista *A Trabe de Ouro*[6]. Deste suceso, pouco se trataba na historiografía galega sobre a Guerra e Posguerra Civil. Unha simple referéncia nas obras de Hartmut Heine[7] e Luís García Mañá[8], na que Juan Salgado Ribeiro é membro da partida de Demétrio[9] pertencente á *II Agrupación del Ejército Guerrillero de Galicia*, responsabeis do asalto do coche de línea Verín-Ourense, así como do asasinato o 28 de setembro de 1945 de António Aguirre Padrón, xefe da Falange en Vilaza-Verín. Tamén temos unha referéncia ao cerco do Cambedo na obra de Fernandes Alves *O Barroso* e a *Guerra Civil de Espanha*, na que relaciona o cerco de Cambedo co asalto en Vila da Ponte da camioneta Braga-Chaves na véspera da feira de Santos en 1946.

Mais desde entón, e pouco a pouco, o siléncio foi substituído polo recoñecemento público da acción solidária dos veciños e o comezo da recuperación da memória histórica deste desgraciado suceso da nosa pos-guerra que, como ben podemos observar, trascende as fronteiras do estado español para, grácias á colaboración do outro rexime fascista da Península Ibérica, levar o sufrimento e a dor alén da ráia e lixar con xuízos e penas de cárcere o bo nome dos habitantes daqueles povos ráianos solidários coas víctimas do golpe de estado de 18 de xullo de 1936. Unha primeira acción no proceso de recuperación histórica do cerco de Cambedo, foi o própio curso de verán ao que fixemos referéncia, e no que os veciños poideron falar libremente e en voz alta do seu caso. Un segundo paso foi a homenaxe realizada co gallo do 50ª aniversário do asédio, no que un nutrido grupo de galegos, principalmente ourensáns, acudimos a Cambedo o 21 de decembro de 1996 para colocar unha placa conmemorativa en agradecemento a sofremento dos veciños. Desde entón, diversas excursións e roteiros de recuperación da memória histórica achegaron-se a Cambedo para visitar o que fora refuxio dos loitadores antifranquistas. E se todo vai como se pretende, no vindeiro abril de 2004 a *Asociación de Amigos da República* de Ourense renderá homenaxe público en Auria aos veciños de Cambedo como exemplo da acción solidária que os habitantes dos povos da ráia mantiveron para cos seus conveciños.

No que a min respecta, coñecer e ser partícipe (non sei en que grao de responsabilidade) de que se rachara o muro do siléncio,

fixo-me reflexionar sobre a sua importáncia como elemento activo da represión e ser, máis aínda, solidário coas víctimas da Guerra Civil.

O siléncio das víctimas

Unha cuestión que afecta ás sociedades, e as sociedades contemporáneas non són excepción, é a función da memória colectiva. No poema de Luís Pimentel *Cunetas*, escrito no ano 1937, xa temos referéncias a un dos aspectos, no meu enteder, máis tráxicos que coñeceron os derrotados sobrevivintes da Guerra Civil. O non falar en voz alta do que lles aconteceu, non fose ser... O siléncio como cómplice dunha represión perfectamente programada para amilanar as resisténcias que se poidesen articular na retagarda, foi, e en casos aínda é, un dos aspectos máis sinistros do terror que sobre os contrários aplicou o réxime franquista e que até conseguiu pervertir a realidade invertindo a visión dos acontecementos. Pensemos na visión que se ofrece da leal Galiza, que fai que até practicamente hoxe se realice unha análise da presência en Galiza do conservadurismo[10] como algo inherente á praxe política dunha Galiza que se alinea no bando rebelde dende que principia o Alzamiento, descoñecendo-se en gran parte do estado español do que aquí realmente pasou. Actua o siléncio dos que coñeceron a represión desde o mesmo início do franquismo.

A Guerra Civil non se pode simplificar no existencial por ser un proceso absolutamente personalizado, tanto para aquel que o sufreu como para os seus descendentes máis directos. Falando da sua experiencia nos lager, os campos de extermínio nazís, dicia Primo Levi que de pouco serven as ideas xenerais para a compresión dos casos particulares[11]. E salvando as distáncias, non moitas, o mesmo podemos aplicar para comprender máis intimamente o que aconteceu a partires do 18 de xullo de 1936 e ter a xentileza como historiadores de non limitar o estudo da represión da Guerra Civil a unha simple estatística de represaliados, ou á elaboración dunha casuística de modelos e formas de represión. A dor das víctimas non se merece esa frialdade que algún historiador alegaria no nome da obxectividade. Se o investigador da represión quere comprender o seu alcance, penso eu que cando menos ten a obriga moral de saber o que sentian as víctimas e tentar de ser solidário co seu sofrimento e non se limitar a albiscá-lo desde a distáncia. Para iso debemos deixar de relegar á categoria de simple *instrumento* aos que a padeceron e non limitarmos a re-escribir a Guerra Civil desde a perspectiva da conquista do poder, que si o é.

Por moito que pro-homes do franquismo, como Gonzalo Fernández de la Mora, consideren que a Guerra Civil foi froito da explosión ideolóxica da época e da ineficácia política da II República[12], as suas repercusións psicolóxicas alcanzan, incluso, ás xeracións que non vivimos a guerra, mais que dalgunha maneira sofrimos as suas consecuencias no vivir cotiá e famíliar. E non ten porque sorprender que os que non vivimos directamente os acontecementos esteamos impregnados dos seus horrores, toda vez que o franquismo puxo especial empeño en eliminar, ou cando menos marxinar social e economicamente, ao vencido pois, e non o esquezamos, a represión, dada a auséncia de argumentacións políticas que poidan convencer ao discrepante, é o único recurso de lexitimización do poder que posue un réxime que ten a sua orixe nun acto violento como foi o golpe de estado de 18 de xullo de 1936. Resulta triste contemplar a realidade de que o franquismo é o único dos reximenes fascistas da Europa anterior a 1936 nado dunha guerra, –presente na sociedade española até, polo menos, a morte do xeneral–, e que non pode procurar unha xustificación a sua existencia en certo respaldo electoral que dera lexitimidade e cobertura aparentemente legal ás suas decisións posteriores. Algo que si poderia argumentar até o própio Hitler. E quizais por isto, por ser un réxime xurdido da violéncia, tentará borrar da memória dos españois calquera vestíxio dos logros sociais e cívicos conqueridos, pese ás convulsións que coñeceu, durante a II República.

O siléncio motivado polo medo, consecuéncia da feroz represión, é unha dificultade que se nos impón para dislumbrar, se iso fose posíbel, a dimensión humana e cal foi a alcance real da Guerra. A destrucción de numerosas probas e testemuños documentais que permitírian unha aproximación ao foron as relacións persoais durante os primeiros anos do franquismo[13], fan da documetación oral, na que a memória é peza clave, unha ferramenta imprescindíbel para o investigador. Mais as *resisténcias* a abordare pública e abertamente o tema, xunto cos *esquecementos*, con certeza terapéuticos, conseguiron, entre outras moitas causas, facer que a Guerra Civil sexa unha gran descoñecida para gran parte da xuventude actual.

O medo ao terror, –até hai pouco presente no siléncio daquelas xeracións (atreveria-me a propór un punto de inflexión nos nados en 1959-60) que coñeceron do que era capaz a represión exercida polo franquismo–, era un elemento presente en moitas famílias españolas que non ousaban comentar, nalgún caso nin na própia intimidade famíliar, o que para eles supuxo perder a Guerra. De xeito que o siléncio actua de auto-censura, incidindo na participación política de gran parte da cidadania. O Réxime, a falla de lexiti-

midade moral que xustifique a sua existéncia, acada unha aquiescéncia refrendada polo siléncio imposto a calquera tipo de oposición e que tiña como única finalidade a de manter-se no poder a toda costa e empregando todos os mecanismos de represión ao seu alcance; até habia viuvas de represaliados temorosas de amosar publicamente o seu loito! Aínda que todas estas situacións *kafkianas* non evitan que a megalomania do dictador, –adulado por aqueles que ben por evitar sospeitas de deslealdade ou por se promocionar no sistema–, considerara as uas decisións como desígnios da Providéncia.

Mais, e non teñamos dúbida, que o siléncio, nalgún caso, non foi respectado na intimidade de moitos fogares. E sen necesidade de falar do acontecido, simplemente ollando para o que acontecia nas casas dos vencedores, o siléncio que pretendeu impór unha submisión baseada no terror, deu lugar ao resentimento, cando non ao rencor. Polo tanto, podemos considerar que a represión, lonxe de silenciar vozes para propiciar o esquecemento, mantivo vivo o ideal da liberdade. E a história non pode facer de *árbitro*, pese ao esforzo de decididos e emprendedores colegas de que así sexa. Xa diximos que estamos a traballar cunha temática que produciu dór e a nosa obriga moral, penso eu, é reconstruír esa dór e non soamente obxectivizar as causas que a produciron.

Siléncio e memória: problemas metodolóxicos e o risco da involución

Comenta Juan José Carreras[14] que ao rematar a II Guerra Mundial, as autoridades de ocupación prohibiron en Alemania o ensino da história; e cando se volveu autorizar, houbo docentes que se negaron a explicá-la. Aquí non acontece o mesmo, mais pode-se apreciar certa incomodidade de abordar un tema que, a pesares do paso do tempo, no podemos considerar fechado ao ser moitas, e moi fondas, as feridas que dexiou abertas. Recoñezamos que o da Guerra Civil é un tema no que dificilmente se cumple o requisito rankian de que a história pode-se facer e escribir sen odio e sen amor. Se reflexionamos un pouco, decataremo-nos que a Guerra Civil é un instrumento de defensa-ataque que aínda se emprega na dialéctica cando non hai recursos ideolóxicos que ofrecer ao contrário: Onde estaba vostede no 36? Se non hai resposta positiva conforme á orientación ideolóxica do que inquire, o contrário fica moralmente desautorizado. Esta confrontación ten certa lóxica se consideramos que, xunto ao discurso oficial, existe un discurso de *resisténcia* elaborado polos que tras o 1 de abril de 1939 ficaron *silenciados* e postos fora do sistema. Discursos que, non só, ofrecen unha

visión contraposta das causas, finalidade e consecuéncias da Guerra Civil, senón que, tamén, levan implícitas visións diferentes do mundo desde o plano moral, económico, social,...

Ao querer afondar na problemática dos siléncios e das memórias, o investigador atopa-se con que o corpus teórico de traballos relacionados coa memória colectiva é escaso, polo que dar resposta a certas problemáticas medotolóxicas esixe un alto grao de esforzo reflexivo sen ter a garantia de que a solución adoptada sexa a correcta. Na reconstrucción do que foi a Guerra Civil debemos, necesariamente, partir da memória que dela teñen os que a sofreron. Mais, como acontece en todo fenómeno colectivo, os distintos membros da colectividade non teñen necesariamente idéntico recordo dos mesmos feitos, xa que o paso do tempo actua arbitrariamente segundo cada quen, ben de filtro ben de potenciador, de determinadas vivéncias. Debemos aceptar como *verídicas* as lembranzas de cada un? Por que considerá-las *falsas* se estas contradín o asumido como certo por amplos colectivos? Teñamos en conta que as lembranzas son un fenómeno psíquico fortemente individual e, aínda que sexa nese nível individual, o posuidor dese retallo de memória viviu gran parte da sua vida na certeza de que as suas lembranzas teñen fundamento en episódios realmente vividos. Por outra banda, o carácter selectivo da memória é capaz de borrar, incluso na colectividade, aqueles sucesos que polo seu traumatismo deixaron aberta unha fenda na sociedade. Mais tamén é certo que ese esquecemento excluínte non necesariamente ten porque ser perpétuo, e ben pode acontecer que cando as circunstáncias son propícias emerxe de novo e dá un significado diferente ao sentir desa comunidade. Xa vimos o que aconteceu en Cambedo.

No estudo da contemporaneidade, especialmente a máis próxima a nós, podemos falar coa xente, interiorizar no seu ánimo, facer un esforzo, como historiadores, en achegar-mos as realidades sociais presentes e comprender cales son as suas dinámicas, para o que é preciso superar o pre-conceito de que debemos deixar pasar un tempo prudencial para analizar obxectivamente os acontecementos históricos. Esa necesidade de alonxamento temporal non deberia ser precisa na medida en que asumamos que o discurso histórico é unha construcción ilustrada, un producto cultural derivado dunha reflexión filosófica sobre o ser humano e que, como historiadores, podemos ocupar-nos de cuestións esenciais para a análise do presente . Asemade, precisamos incorporar á nosa metodoloxia novos recursos que poidan ofrecer a información que precisamos. A dificuldade radica en saber dar o seu xusto valor a esas novas fontes de información como son as testemuñas orais,

deseños gráficos, filmes, fotografías, novelas, banda deseñada,... E no caso que nos preocupa neste traballo, o da Guerra Civil, consideramos fundamentais as testemuñas orais que aínda se poidan obter dos que a viviron.

O problema é que tratamos a información oral coma se fose un documento máis, e aínda que aplicamos a crítica, negamos a reflexión. Para que a información oral acade con plenitude o que dela demandamos, debemos partir da premisa de que a oralidade permite escapar do siléncio, polo tanto do anonimato, a todas aquelas capas da poboación, –as máis desfavorecidas e maioritarias nas máis das sociedades–, que carecen doutros mecanismos de expresión subsceptíbel de perdurar máis no tempo. A oralidade, deste xeito, converte-se nun mecanismo de identidade cultural que permite a estas capas desfavorecidas da poboación poder loitar polo recoñecemento futuro das suas problemáticas. Penso que para acadar un maior éxito, os historiadores non debemos reparar en recorrer a metodoloxias própias doutras disciplinas, caso da antropoloxia ou da socioloxia que permiten ao historiador, en especial ao contemporanista, acadar unha visión da realidade social *máis próxima* da que acostuma ter pola sua formación académica e metodoloxia de investigación.

Á dificuldade metodolóxica de inquerir no que poida haber de certo na memória dos supervivintes, debemos engadir unha dificildade maior: a de pescudar nos siléncios, en ocasións intencionados, tanto dos que queren esquecer a dor, coma daqueles que non queren lembrar que foron causantes desa dor. E quen di o siléncio, di a memória colectiva. Eles, os antropólogos e os sociólogos, máis acostumados a traballar neses edios das intimidades, e o da Guerra pertence a ese ámbeto, poden proporcionar-nos as ferramentas que os contemporanistas precisamos para afondar no mundo da memória e vencer os siléncios que dificultan a reconstrucción duns determinados acontecementos. A história de cada acontecemento é re-escrita en base a diferentes experiéncias, e a memória forma parte do mundo das experiéncias. A antropoloxia ben pode lembrar-nos que a sociedade está constituída por diferentes camadas que non están illadas unhas das outras.

Por outra banda, precisamos coñecer a realidade social na que se suceden os acontecementos en estudo. Que no caso que nos ocupa estamos perante dunha sociedade tan complexa e con sistemas de valores tan contra-postos, –nas relacións de clase, nas diferéncias xeo-culturais, na concepción relixiosa, no posicionamente político, nas diferéncias rural-urbano–, que caseque poderiamos considerar que debemos analizar sociedades diferentes que se ven afectadas por un mesmo suceso. E na compresión desta

análise seria de boa axuda acudir á socioloxia na procura daquelas ferramentas que nos axuden a unha mellor comprensión da sociedade en estudo.

Os medios audiovisuais e o xornalismo, –xa non como fonte documental, que tamén[15], e si como instrumento metodolóxico para achegar-mos a lugares e situacións que a metodoloxia tradicional da investigación histórica non é capaz de penetrar–, tamén poden aportar novos eidos nos que o historiador se poderá submerxir na procura da verdade, no seu afán académico-profesional de contribuír na construcción da memória. Teñamos presente que o xornalismo moderno non se limita a describir os sucesos, senón que busca reflexionar sobre as causas que deron lugar aos mesmos. E esta reflexión, o xornalista non a fai desde a distáncia que supomos dá o tempo histórico, senón que aborda a problemática desde a preocupación social que existe sobre un determinado problema e coma nós, non o negaremos, estará influenciado pola sua particular visión do mundo respostando a sua opinión, en especial nas editoriais, a unha determinada ideoloxía.

Non esquezamos que a humanidade non está composta por heróes, senón por homes e mulleres que na sua inmensa maioria, e se deles dependé-se, evitarian os sofremetos e penalidades que viviron neses intres que para os investigadores teñen un certo ár épico. Polo que é fundamental a aprendizaxe da metodoloxia precisa para que a recolla de histórias de vida, que paseniño imos adoptando os contemporanistas, sexan unha fonte documental co valor que se merece, toda vez que é o instrumento que permite dar voz a inmensos grupos afastados da história oficial por cuestións de clase, disidencia política ou relixiosa, pertenza a minórias étnicas,...

Unha outra dificuldade que atopamos ao pretender afondar na Guerra Civil, é que é un tema de memórias e siléncios fortemente confrontados desde xa antes do início do conflicto, e que os case 40 anos de Paz, ou deberiamos dicir Victória?, non conseguiron cicatrizar.

O da Guerra Civil durante moito tempo foi unha cuestión inter-xeneracional; na medida en que foron sucesivas as xeneracións que tiveron en común a presencia da Guerra, ao que contribuiu notabelmente as diversas conmemoracións (18 de julio paga extra incluída), desfile de la victoria, morte de Jose Antonio, Alcazar de Toledo...), coas que o réxime reafirmaba o seu poder omnipresemte á sociedade española. Transmiten-se, de forma especial, as repercusións da Guerra, que se reflicten nunhas determinadas pautas de conducta, máis particularmente no referido ás repercusións que ten a disensión respecto do poder establecido.

Foi, pois, a Guerra un elemento aglutinante que xunguiu a diversas xeracións dado que o seu impacto alcanza aos que non a viviron, mais que sofren os traumas daqueles que viviron os anos de terror ao compartir os valores e sistemas de aprendizaxe impostos polo bando vencedor que, ademais, tenta impór unha memória determinada dos sucesos non só da Guerra, senón que incluso, tamén, dos sucesos prévios ao 18 de xullo de 1936 e dos posteriores ao 1 de abril de 1939. E a función da escola foi fundamental nesa *patriótica* misión de educar aos españois nos princípios da España eterna. Mais nalgún caso, cando as famílias ousaban trasgredir o siléncio, as histórias de vida dalgún famíliar actuaban como *correctoras* da verdade oficial prosusamente difundida polo aparato propagandístico instaurado dende o mesmo dia do golpe de estado polos sublevados e que, non temos outro remédio que recoñece-lo, demostrou a sua eficácia ao longo dos anos de vixéncia do réxime.

Cando a situación política permite falar libremente do acontecido, e supostamente o siléncio xa non é un mecanismo de defensa e supervivéncia, rachan-se os vínculos xeneracionais e a Guerra Civil deixa de pertencer ao mundo do siléncio para entrar nos domínios do esquecemento. Expliquemo-nos, aos máis da miña xeneración, por suposto aos máis vellos ca min, *aprenderon-nos* que a Guerra Civil, a GUERRA, foi unha medida necesária para rematar co desorden e o caos imperante ao longo da II República, especialmente desde o triunfo do FP (*del comunismo y de la masonería internacional* se preferimos a terminoloxia en vigor na altura). Co paso do tempo, e grácias ao labor historiográfico de homes en nada sospeitosos de desafección co réxime, como por exemplo Ricardo de la Cierva, aprendimos, ao tempo que semellaba que o réximen aceptaba-o, iso de que *todos fuimos culpables*, mais sen deixar de xustificar e tentar de lexitimizar o réxime ao que tanto debian. E cando na Transición Democrática parecia que, por fin!, se faria *xustiza histórica* e asumir publicamente que o *Glorioso Alzamiento* en realidade foi un golpe de estado propiciado polos sectores fascistas e reaccionarios da sociedade hispana, a Guerra Civil fica silenciada, –de novo o siléncio–, por temor a despertar vellos rencores. Se antes dixemos que os vencedores impoñen unha determinada memória dos acontecementos que van da pre-guerra á pos-guerra, agora non hai rubor en tentar impór, en aras da concórdia, un esquecemento da memória colectiva que fora alimentando-se na clandestinidade ao longo dos anos da Dictadura.

Debemos recoñecer que a Guerra, as suas consecuéncias, non foron superadas. Na Restauración Democrática, os vencidos non tiveron ocasión de perdoar publicamente as aldraxes (quer físicas, económicas, morais ou intelectuais) recibidas por parte dos

vencedores. Lonxe diso, os vencedores, en certo modo, esixiron o esquecemento. Ao que boa parte dos vencidos accederon, de novo se lles impón o siléncio, para evitar unha involución golpista que poidese traer o terror. Fixemo-nos, o siléncio actua de maneira sibilina na memória colectiva. Pese non se falar publicamente da represión exercida polo réxime do xeneral Franco, a memória colectiva funciona e busca unha saída defensiva para garantir a creación, pese ás suas eivas, dun sistema democrático. Incluso, aínda que de forma indirecta, cando a restauración da democrácia o que se fai con medidas como a amnistia ou certos dereitos concedidos aos perdedores, –caso do cobro de pensións por parte de militares republicanos ou das suas viuvas–, é perdoar aos vencidos. Non hai, agás raras excepcións, unha petición de perdón por parte dos vencedores. Aspecto este, creo eu, que fecha en falso a pretensión, non dubidamos que ben intencionada, de reconciliación.

Certo que cando se traballa sobre espacios de tempo tan próximos para xustificar o non querer abordar o problema desde unha perspectiva histórica, podemos recorrer a problemas de perspectiva, de limitacións e/ou atrancos para acceder a determinado tipo de documentación, de sentirmos, en certo modo, involucrados cos acontecementos en estudo. Mais tamén é certo que dispomos das avantaxes que supón o poder traballar coa liberdade de crear os nosos sistemas metodolóxicos que, na medida do posibel, permitan desde o presente achegar-mos á verdade, toda vez que o noso compromiso como historiadores é o de camiñar con decisión na procura desa verdade. Quizais por iso resulta certamente triste observar como se emprega esa liberdade para recorrer a unha determinada terminoloxia que ofrece ao lector unha visión distorsionada de determinadas actitudes, nalgún caso potenciando o carácter morboso que ten a represión e sen se parar a reflexionar no que supuxo como instrumento de acción política e, aínda menos, no que significou para as persoas e famílias que a padeceron. Ao falar de represión non nos limitamos aos asasinatos selectivos ou indiscriminados, ás estadías en campos de concentración, á redención de penas por traballo. Represión foi tamén a privación esporádica da liberdade, a negación da liberdade de movemento, a separación do posto de traballo até non ter superados os procesos de depuración (especialmente graves no funcionariado, e máis particularmente nos diferentes corpos docentes) medida que supuxo para os afectados, aínda no caso de superá-los exitosamente, graves perxuízos para as economias domésticas. Sen falar, xa, do agrávio moral que sofria ou sobmetido a depuración: Se ficaba absolto,

seria colaborador co réxime? De non superaba plenamente, e aínda que só fose amonestado, poderiamos tratá-lo coa mesma liberdade que antes ou estariamo-nos expoñendo ao perigo de ser investigados pola nosa relación cun *desafecto*? Unha represión que non se precisa exercer só derramando sangue ou privando de liberdade. Na escola, no púlpito, nas formas de evasión e lecer, na rádio ou no cinema, atopamos difentes modos de represión. Por non falar da miséria económica na que se viviu durante unha posguerra máis longa do desexábel e que, con certeza, supuxo un mecanismo máis de represión que minaba na ética e moralidade de moitos que para subsistir non tiveron outra solución que recorrer a prácticas, lindando no delictivo, que anos antes nin sequer serian quen de imaxinar. O recurso ao estraperlo é o exemplo máis *inocente* que podemos citar.

Volve-se falar de foraxidos e bandoleiros para se referir aos que fuxiron da represión franquista e, sobre todo, para os que tiveron o valor de facer frente aos seus horrores. Dá-se unha imaxe edulcorada das misérias dos anos de pos-guerra loubando a asisténcia social do franquismo esquecendo, quen sabe se intecionadamente?, que esa beneficéncia non seria necesária de terse acatado a legalidade vixente que, no caso da II República, estaba refrendada por unhas eleccións gañadas democraticamente polos partidos integrantes do FP. Xa custa traballo que en certos sectores da dereita se fale de golpe de estado para se referir ao que fixeron os militares sublevados o 18 de xullo de 1936. Fala-se de radicalización das forzas da esquerda republicana para xustificar o golpe militar do 36, esquecendo que a esquerda republicana foi exemplarizante na mesura coa que aplicou toda unha série de medidas que tiñan como finalidade modernizar as estructuras socio-económicas do estado español. E respostando os brotes de violéncia aos intentos da dereita, entre 1932 e 1934, de reconducir a República anulando gran parte dos avances sociais acadados pola cidadanía e recollidos nunha Consitución modélica no referente á modernidade dos seus postulados e que, por fin!, rescataba ao estado español dos resquícios feudalizantes que a Restauración Canovista non fora quen de eliminar.

Unha violéncia silenciada é o que foi o franquismo. Permitanme, a modo de colofón, unhas verbas de Manuel Azaña, Presidente lexítimo da II República, emitidas na rádio na noite do 23 de xullo de 1936: *En estos momentos de violencia, cuando se ha desencadenado contra el Poder legítimo de la República una agresión sin ejemplo, yo no diré una palabra más de violencia*[16].

Quen sabe?, pode que xa comezara o siléncio.

Notas

[1]A cursiva é nosa . Pimentel Luís. *Cunetas*. Lugo. Marzo de 1937. En Costa Clavell, Xavier *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*. Cambio-16. Madrid. 1977.

[2]Quen quera afondar nos povos promíscuos, e en xeral no significado da ráia seca luso-galaica, recomendamos a lectura das obras de Luís García Mañá e Máximo Salinas Valencia citadas na bibliografia.

[3]As testemuñas falan duns 1.000 efectivos armados entre Guardia Civil española, Guarda Nacional Republicana, Guarda Fiscal e forzas de infanteria con morteiros procedentes de Chaves.

[4]Quen estea interesado pode ler o seu testemuño no nº 17 de A Trabe de Ouro.

[5]Na obra de Bento da Cruz, *O lobo guerrilheiro*, hai referéncias a este suceso que o própio Bento da Cruz recoñece ter escoitado de novo na sua aldea de Padornelos, no veciño concello de Montalegre. Así o comentou nunha cena coloquio con Mendéz Ferrín no curso de verán *Estratégias de colaboração na ráia durante a guerra e pós-guerra espanhola: 1936-46*. Repitiu estes mesmos argumentos nunha mesa redonda sobre *Montalegre e a Guerra Civil Espanhola* celebrada na Câmara Municipal de Montalegre o 15 de febreiro de 1997. Posteriormente, en abril de 1998, volverá recordá-los nunha visita guiada polos espacios xeográficos nos que transcorre a novela cos alumnos de COU do IES-Universidade Laboral de Ourense.

[6]"O grupo de o Juan e a Importancia da rede social". En A Trabe de Ouro nº 16. Santiago de Compostela. 1993.

[7]Heine, Hartmut. A guerrilla antifranquista en Galicia. Serais. Vigo.1980.

[8]García Mañá, Luís. La frontera Hispano-Lusa en la provincia de Ourense. Anexo 11 del Boletín Auriense. Museo Arqueolóxico de Ourense. 1988. Para Luís García Mañá, Juan Salgado era un contrabandista de wolframio e o situa en Vinhais, onde operaban outros grupos guerrilleiros.

[9]Demétrio tiña contactos en Cambedo. Unha irmá sua estaba casada alí. Único guerrilleiro feito prisioneiro tras o asalto, será xuzgado e condenado a prisión en Tarrafal (Cabo Verde). En 1965 é liberado, exiliando-se en París. Os outros dous guerrilleiros, Juan Salgado e Bernardino Garcia, morren no asédio, e os seus cadáveres serán expostos no cemiterio de Chaves. Paula Godinho. Op. Cit.

[10]Como se Madrid, Rioja, Cantábria, Levante, non estean governadas polo PP.

[11]Primo Levi. *La tregua*. Muchnik editores. Barcelona. 2001.

[12]Curiosamente, desde o revisionismo operante nos últimos anos, coincide-se, en certo modo, cos critérios do que fora ministro franquista.

[13]Lembremos que numerosos Libros de Actas numerosos concellos teñen arrancadas (pensamos tras a Restauración Democrática) as follas correspondentes a decisióne adoptadas desde o 18 de xullo de 1936 a ben entrada a década dos 40 e incluso 50.

[14]Carreras Ares, Juan José. *Razón de Historia*. Marcial Pons. Zaragoza. 2000.

[15]Non podemos esquecer a inmemnsa cantidade de información que podemos recoller da prensa, aínda que, tal vez, en certos casos sexa preciso *ollar* para as novas que se recollen nun xornal desde unha perspectiva diferente da de só procurar unha reseña coa coplementar unha información documental que, por tradición historiográfica, consideramos máis relevante. Lendo o xornal podemos saber como se pensaba. E no caso que nos ocupa, a auséncia nas páxinas do xornal de determinados sucesos que, por outras vias sabemos que si aconteceron, ou a redacción que se dá a outros sucesos, pon-nos en relación diercta coa aplicación do siléncio por parte do poder.

[16]En Reig Tapia, Alberto. *Ideología e historia: sobre la represión franquista y la Guerra Civil*. Akal. Madrid. 1986.

Bibliografía

AGUILAR FERNÁNDEZ, PALOMA. *Memória y olvido de la Guerra Civil española*. Alianza Editorial. Madrid, 1996.

ARÓSTEGUI, JULIO. "Tiempo contemporáneo y tiempo presente. Una reconsideración necesaria", en *Historia del Tiempo Presente: Teoría y Metodología. ICE.* Universidad de Extremadura, 1998.

"El análisis histórico social y la naturaleza de la Historia del Presente", en *Actas del II simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2000.

BAS, ENRIC. "Nuevos retos, viejos enfoques: Lanecesidad de repensar las Ciencias Sociales; aportes desde la sociología", en *Actas del III simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2002.

CARRERAS ARES, JUAN JOSÉ. *Razón de Historia.* Marcial Pons. Zaragoza, 2000.

BERMEJO BARRERA, JOSÉ CARLOS. *Genealogía de la Historia. Ensayos de Historia Teórica III*. Akal. Madrid, 1999.

CHACÓN GUTIÉRREZ, INMACULADA. "La memoria del presente", en *Actas del II simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2000.

COSTA CLAVELL, XAVIER. *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*. Cambio-16. Madrid, 1977.

CRUZ, BENTO DA. *O lobo guerrilheiro*. Ed. Notícias. Lisboa, 1992.

Cuesta Bustillo, Josefina. "Tiempo y recuerdo: Dimensiones temporales de la memoria política (España 1936-2000)", en *Actas del III simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2002.

DÍAZ, MARIO P. "Imagen y tiempo presente. Información versus memoria", en *Historia del Tiempo Presente: Teoría y Metodología*. ICE - Universidad de Extremadura, 1998.

FANDIÑO, ROBERTO G. "La barbarie legitimada. Historia de la propaganda e Historia del Tiempo Presente", en *Actas del III simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2002.

FERNANDES ALVES, JORGE. *O Barroso e a Guerra Civil de Espanha*. Câmara Municipal de Montalegre, 1981.

FERNANDES DO ESPÍRITO SANTO, DOMINGOS. "Testemunho. O Cambedo e a Guerra Civil" En *A Trabe de Ouro nº 17*. Santiago de Compostela, 1994.

FERNÁNEZ, CARLOS. *El Alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la guerra civil*. Edicións do Castro. Sada. 1987 (4ª edición).

FERNÁNDEZ MAZAS, ARMANDO. P*olítica y Pedagogía (Memoria teórica de un maestro de la A.T.E.O.)* Andoriña. Ourense, 1990.

FERNÁNDEZ DE LA MORA, GONZALO. *El crepúsculo de las ideologias*. Madrid. Espasa-Calpe. 1965.

GARCÍA DE CORTAZAR, FERNANDO. "¿Se puede hablar de Tiempo Presente hoy? ", en *Historia del Tiempo Presente: Teoría y Metodología. ICE.* Universidad de Extremadura, 1998.

GARCÍA MAÑÁ, LUÍS. *La frontera Hispano-Lusa en la provincia de Ourense*. *Anexo 11 del Boletín Auriense*. Museo Arqueolóxico de Ourense, 1988.

COUTO MIXTO. *Unha República esquecida*. Universidade de Vigo, 2000.

GODINHO, PAULA. "O grupo de o Juan e a Importancia da rede social". En *A Trabe de Ouro nº 16*. Santiago de Compostela, 1993.

Memórias de Resistência Rural no Sul. Couço (1958-1962). Celta Editora. Lisboa, 2001.

HEINE, HARTMUT. *A guerrilla antifranquista en Galicia*. Xerais. Vigo, 1980.

PRIMO LEVI. *La tregua. Muchnik editores*. Barcelona, 2001.

MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA, LUÍS. *O ensino da Historia no bacharelato franquista (Periodo 1936-1951).* Edicións do Castro. Sada, 1994.

Prada Rodríguez, Julio. "Abaixo o fascismo e viva a revolución social" a revolución de outubro na provincia de Ourense", en *Boletín Auriense*, T XXX. Museo Arqueolóxico Provincial. Ourense, 2000.

RAMÓN CARRIÓN, MANUEL DE e PANIAGUA SANTAMARÍA, PEDRO. "Periodismo, ¿Historia para el futuro?", en *Actas del II simposio de Historia Actual*. Instituto de Estudos Riojanos. Logroño, 2000.

REIG TAPIA, ALBERTO. *Ideología e historia: sobre la represión franquista y la Guerra Civil.* Akal. Madrid, 1986.

ROSAS, FERNANDO (director) *Portugal e a Guerra Civil de Espanha*. Lisboa. 1996.

SALINAS VALENCIA, MÁXIMO. *O Couto Mixto: o seu contorno arráiano e os Pobos Promiscuos. Descrición Socioeconómica.* Asociación de Amigos do Couto Mixto. 2002.

TUSELL, JAVIER. *La España de Franco*. Historia-16. Madrid. 1989.

VVAA. *La Guerra Civil Española 50 años después*. Labor. Barcelona, 1989 (3ª edición).

WOUTERS, MARC. *1936. Os primeiros días*. Xerais. Vigo, 1993.